



Concello de Campo Lameiro

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DE DATA 30 DE AGOSTO DE 2018,

CON CARÁCTER ORDINARIO .

DATA.: Xoves 30 de agosto de 2018

HORA DE COMEZO.: 13:13 horas

ORDE DO DIA.: A que se indica ó dorso.

ASISTENTES: Todos.

PRESIDENTE.:

D. JULIO GONZALO SAYÁNS BUGALLO.

CONCELLEIROS/AS: Grupo Partido Popular:

D. CARLOS COSTA DOMÍNGUEZ

D. ALBERTO MAQUIEIRA FERNÁNDEZ

D^a M^a DE LAS NIEVES BOULLOSA FERRÍN

D^a SILVIA LAREDO QUINTEIRO

DON ANGEL GARCÍA MAQUIEIRA

Grupo Partido Socialista Galicia – PSOE

D^a PAZ VIDAL FONTENLA

D. ADRÍAN VIDAL FONTENLA

SECRETARIA.:

D^a. MERCEDES GONZÁLEZ BUDIÑO.



Concello de Campo Lameiro

1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.

NON

2.- EXPTE 459/2018. TOMA POSESIÓN CARGO CONCELLEIRA DE D^a BEATRIZ TORRES CHANTRERO.

PRIMEIRO

Visto o escrito de renuncia expresa presentado por Juan Carlos Novegil Barros ao cargo de Concelleiro, do cal tomou posesión en data 13 de xuño de 2015 aducindo razón persoais que lle imposibilitan para o desempeño do cargo.

Visto que se recibiu da Xunta Electoral Central a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, en concreto na figura de Dona Beatriz Torres Chantrero.

O Pleno, adopta por unanimidade, o seguinte **ACORDO**

Aceptar a toma de posesión de Dna. Beatriz Torres Chantrero do cargo de Concelleira do Concello en substitución de D. Juan Carlos Novegil Barros tras a renuncia voluntaria presentada.

Cumprido co procedemento legalmente establecido, o Alcalde pasa a preguntar a Dna. Beatriz Torres Chantrero:

«Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Concelleiro do Concello de Campo Lameiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?» (artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas).

Por parte de Dna. Beatriz Torres Chantrero se manifesta:

Sí, xuro/ Si prometo.

A continuación, o Sr. Alcalde pronuncia unhas palabras de benvida ao novo concelleiro.

Tras a toma de posesión como Concelleiro se incorpora á Sesión o concelleiro Dna. Beatriz Torres Chantrero.

3.- EXPTE. NÚM 421/2018. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN CRÉDITOS 2/2018 CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA.

Vista a posible aplicación do superávit orzamentario no exercicio 2017 a *financiamento de investimentos financeiramente sustentables*, por Providencia de Alcaldía, incoouse expediente de modificación de créditos 2/2018.

Visto que se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.



Concello de Campo Lameiro

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Á vista do informe- proposta de Secretaría e o Ditame da Comisión Informativa de Contas, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Contas, adopta por *unanimidade* os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 421/2018, do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito extraordinario para Aplicación do superávit orzamentario, cuxo detalle é o seguinte:

1º.-ADECUACIÓN CAMIÑOS PARROQUIA DE MUIENTA EN CAMPO LAMEIRO 42.997,56 €

2º.-Aportación Concello a obra de Rede Saneamento e Instalación dun sistema de Depuración entre Cerdeiras (Moraña) e Rozas (Campo Lameiro) 16.800,00 €

Os importes aplicados aos diferentes destinos en base ao Informe de Intervención son:

1º. Financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable, pola cantidade de 59.797,56 €.

O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario segundo o establecido no apartado anterior será o seguinte:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
450	60904		ADECUACIÓN CAMIÑOS PARROQUIA DE MUIENTA EN CAMPO LAMEIRO	42.997,56
450	60904		Aportación Concello a obra de Rede Saneamento e Instalación dun sistema de Depuración entre Cerdeiras (Moraña) e Rozas (Campo Lameiro)	16.800,00
			TOTAL GASTOS	59.797,56

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- EXPTE 457/2018. PROPOSTA MODIFICACIÓN DENOMINACIÓN RÚA JOSÉ ANTONIO E OUTRAS.

« Considerando que o Concello de Campo Lameiro promoveu iniciativa pola cal se procederá ao cambio da denominación da rúa Avda. José Antonio, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica, dedicando dita vía pública do Municipio a honra de Don Antonio Álvarez Núñez, en recoñecemento á súa dedicación, investigación e divulgación dos petroglifos de Campo Lameiro.

Así mesmo, a proposta do Sr. Alcalde se quere dotar de nome ao viario que dende a Estrada de Codeseda, próximo ao CEIP Pedro A. Cerviño, e ata a Chanciña, que consta na actualidade sen denominación, propoñendo como nome de dita rúa, a de Rúa Cesar Outón González, médico que exerceu en Campo Lameiro case a totalidade da súa vida profesional, cun amplo respecto por parte dos/as nosos/as veciños/as.

Se incorpora a sesión o concelleiro Carlos Costa Domínguez (P.P) sendo as 13:22 horas.

Visto que, con data 28.08.2018, foi redactado informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e do procedemento a seguir.

Visto o Informe de Secretaría e de conformidade co disposto no artigo 75 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, o Pleno a proposta da Comisión Informativa de Asuntos do Concello, adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. A) Cambiar o nome da rúa Avda. José Antonio polo de Rúa Antonio Álvarez Núñez, dedicando esta vía pública a Don Antonio Álvarez Núñez, arqueólogo, polas razóns seguintes: a súa adicación, o seu traballo e o seu empeño en coñecer, potenciar e dar divulgación ós petroglifos e patrimonio arqueolóxico de Campo Lameiro, no seu recoñecemento por parte de todos os veciños e veciñas.

B) Poñer a denominación de rúa Cesar Outón González, médico, a rúa que parte dende a estrada de Codeseda, cara á Chanciña, polas razóns seguintes: a súa adicación e traballo a favor dos veciños e



Concello de Campo Lameiro

veciñas de Campo Lameiro ao longo da súa larga traxectoria profesional neste Concello, no seu recoñecemento por parte de todos e todas os veciños e veciñas.

SEGUNDO. Notificar *aos seus causahabientes, dado que ambos están falecidos*.

TERCEIRO. Notificar ás Administracións Públicas interesadas, ó Senado de España, e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no Municipio servizos destinados á colectividade [*INE, servizo postal, compañía eléctrica, etc*].

Por parte do voceiro do Grupo Socialista, Adrián Vidal Fontenla se pregunta ó Sr. Alcalde sobre a pretensión do grupo de Goberno respecto do resto de rúas que quedan pendentes de denominación.

Se responde polo Alcalde que non existe nestes intres unha idea sobre dito asunto.

5.-EXPTE. ED-1. APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE EN SAN MIGUEL.

Que O PLENO do Concello de Campo Lameiro, en sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2018, aprobou os seguintes acordos:

Visto que aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 11 de abril de 2018, o estudo de detalle para reaxuste de alienacións en San Miguel, foi sometido a información pública durante o prazo de un mes, segundo anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm.82, de data 27 de abril de 2018, e anuncio aparecido no xornal Faro de Vigo, de data 18 de abril de 2018. Así mesmo outorgouse audiencia aos interesados por prazo de dez días.

Visto que no período de información pública, NON foron presentadas alegacións de ningún tipo.

Visto o Informe de Secretaría e de conformidade co disposto no artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o estudo de detalle referido a REAXUSTE ALINEACIÓNS EN SAN MIGUEL [*área afectada polo estudo de detalle*], co obxecto de proceder ao reaxuste da alineación das parcelas de titularidade municipal con referencias catastrais 36007AO23000460000DO e 36007AO23000010000DA da rúa da Igrexa, lugar de San Miguel, quedando extinguida a suspensión de licenza.

SEGUNDO. Publicar o Acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, e o texto dos documentos que o integran así como o índice de planos do estudo de detalle no *Boletín Oficial da Provincia*.

TERCEIRO. Notificar o presente Acordo aos propietarios e demais interesados directamente afectados polo estudo de detalle.

CUARTO. Comunicar á consellería competente en materia de urbanismo da aprobación do

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

estudo de detalle referido a REAXUSTE ALINEACIÓNS EN SAN MIGUEL *[área afectada polo estudo de detalle]*, co obxecto de proceder ao reaxuste da alienación das parcelas de titularidade municipal con referencias catastrais 36007AO23000460000DO e 36007AO23000010000DA da rúa da Igrexa, lugar de San Miguel, á vez que se lle dá traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, co fin de ser inscrito no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde- Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

6.- EXTINCIÓN CONSORCIO CONCA DO LÉREZ.

Ao abeiro do establecido no artigo 143 c) e 144 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, se presenta expediente de disolución do Consorcio Conca do Lérez, iniciado a instancia do Concello de Campo Lameiro tramitado polo Concello de Cerdedo-Cotobade, cabeceira do Consorcio.

Dáse cumprida información do contido do expediente tramitado.

E o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade ó expediente tramitado.

SEGUNDO.- Prestar aprobación á disolución do Consorcio "Conca do Lérez".

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ó Concello de Cerdedo-Cotobade, aos efectos legais que procedan

7.-EXPTE. 77/2018. PROPOSTA APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN PARA O SERVIZO DE "REDE DE SANEAMENTO E INSTALACION DE UN SISTEMA DE DEPURACION ENTRE CERDEIRAS (CONCELLO DE MORAÑA) E ROZAS (CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO).

Visto texto da proposta de aprobación do Convenio de colaboración marco para a encomenda de xestión do servizo de "Rede de Saneamento e instalación dun sistema de depuración entre CERDEIRAS (CONCELLO DE MORAÑA) e ROZAS (CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO).

Visto o informe de secretaria de de data 22-08-2018.

Visto o informe de Intervención, de data 22-08-2018.

Visto o ditame da Comisión de Contas e Patrimonio, de data 28 de agosto de 2018.

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84



Concello de Campo Lameiro

O Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó “CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN PARA O SERVIZO DE “REDE DE SANEAMENTO E INSTALACION DE UN SISTEMA DE

DEPURACION ENTRE CERDEIRAS (CONCELLO DE MORAÑA) E ROZAS (CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO)”.

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde , Julio Gonzalo Sayáns Bugallo, para a sinatura do convenio aprobado.

8.- EXPTE. NÚM. 350/2018. OBRA: CONSTRUCCIÓN CENTRO DE ESTANCIA EN CAMPO LAMEIRO.

Visto o expediente tramitado para execución da actuación “CENTRO DE ESTANCIA EN CAMPO LAMEIRO”, se informa ao Pleno das actuacións e seguimento do expediente tramitado, coas incidencias xurdidas no mesmo.

A) APROBACIÓN PROPOSTA MODIFICACIÓN DA FINANCIACIÓN MUNICIPAL.

Se informa polo Sr. Alcalde que o Concello de Campo Lameiro presentara unha modificación dos termos de financiamento da obra “Centro de Estancia en Campo Lameiro” á Deputación de Pontevedra, no que atinxe á financiamento municipal, presentando proposta de que esta aportación do Concello se efectúa con cargo á aportación que lle corresponda no Plan Concellos da Deputación de Pontevedra correspondente á anualidade 2019.

Se xustifica esta proposta en que o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar tiña comprometido ata un total de 150.000 euros con destino ó Centro de Estancia en Campo Lameiro, pero que ese financiamento para a obra suporía unha diminución no financiamento da Deputación Provincial, e non suporía aforro da inversión municipal, polo que se decidiu destinar a subvención do Consorcio para o equipamento do Centro de Estancia, e non para a execución da obra.

Se informa que a Deputación de Pontevedra aceptou a proposta de modificación formulada por este Concello, co cal a aportación municipal prevista para execución da obra, 150.000,00 euros, se efectúa con cargo ó Plan Concellos 2019.

Non manifestándose opinións en contra, dáse conformidade á modificación de financiamento tramitada.

B) SUBSANACIÓN ERROS PROXECTO TÉCNICO.



Concello de Campo Lameiro

Se informa polo Sr. Alcalde que, fora necesario excluír determinados conceptos do proxecto de obra aprobado polo Pleno, conceptos que en nada inflúen no importe do prezo do contrato, senón que suporían a eliminación de unidades de pequeno mobiliario, e a súa compensación por unidades que resultaron mal medidas no seu día.

Se informa que destas pequenas correccións se dera conta á Deputación de Pontevedra, quen aceptou os pequenos cambios producidos, aprobando as modificacións correspondentes.

Por outra banda se informa que as unidades de mobiliario quedaban incluídas no presuposto remitido ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para seres incluídos no Convenio de Colaboración para equipamento do Centro de Estancia en Campo Lameiro.

Queda informado e conforme o Pleno do Concello

C) CONVENIO ASINADO CO CONSORCIO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO DO CENTRO DE ESTANCIA.

Se informa polo Sr. Alcalde da proposta presentada diante ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para financiamento do equipamento do futuro Centro de Estancia, unha vez rematadas as obras.

Se informa que o presuposto presentado por este Concello se elevaba á contía de 150.000,00, onde se incluía un vehículo para adscribir a este servizo.

Se informa que o Consorcio Galego non aceptara incluír entre o equipamento subvencionable a adquisición dun vehículo adaptado, polo que o importe da subvención outorgada ascendería á 130.000 euros. Con elo se conta equipara na súa totalidade o Centro, tanto en equipamento interior como exterior, prevíndose a dotación dun parque biosaludable tamén.

Queda informado e conforme o Pleno do Concello.

D) PROPOSTA MESA DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN OBRA CENTRO DE ESTANCIA EN CAMPO LAMEIRO.

Dáse conta da Acta da Mesa de Contratación do resultado da licitación da obra “Centro de Estancia en Campo Lameiro”, de data 8 de agosto de 2018, cun total de catro empresas presentadas na licitación da obra, Prado Lameiro S.L.; Desarrolla obras y servicios S.L.; Obras y Servicios Gómez Crespo S.L.; e Construcciones Abal S.A.



Concello de Campo Lameiro

Que, segundo a valoración das propostas presentadas, a mellor proposta fora a presentada pola empresa Desarrolla obras y servicios S.L., polo prezo de 462.716,10 euros, IVE incluído, sendo a proposta de adxudicación formulada a favor de dita empresa.

Queda informado o Pleno do Concello.

E) COMPRA PARCELAS PARA AMPLIACIÓN TERREOS CENTRO DE ESTANCIA.

Se informa da formalización compra das dúas parcelas, conforme acordo do Pleno do Concello de data 14 de maio de 2018, parcelas referenciadas:

** 36007A023000470000DK de 719 m2, titular D^a G.F.B.

** 36007A023000480001FT de 657 m2, titular D. D.V.N.

Se manifesta polo Sr. Alcalde que no día de hoxe se formalizou en escritura pública a compra de ambas propiedades, procedendo se tramite expediente de agrupación de todas as parcelas. O custo de compra das parcelas foi de 10.785,00 e 9.855,00 euros respectivamente.

Queda informado e conforme o Pleno do Concello.

9.- EXPEDIENTES AXUDA Á NATALIDADE.

Vistas as solicitudes presentadas de concesión de axudas por natalidade.

Visto o informe favorable admitido pola Comisión de Contas e Patrimonio de data 29 de agosto de 2018.

O Pleno do Concello, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Conceder axudas de natalidade, a instancia dos/as interesados/as, para os expedientes:

Expte. 71/2018, a favor de I.G.L. de Alende.

10.- INFORMES ALCALDIA

10. 1. OBRAS.

Se informa das adxudicacións de obras recaídas trala tramitación dos correspondentes expedientes de contratación, sendo as seguintes:



Concello de Campo Lameiro

1ª.- MEJORA CAPA RODADURA DEL FIRME DE LOS CAMINOS DE COUSO, ARMONDA 1, ARMONDA 2, PAINCEIROS Y LIÑARES. Empresa adjudicataria: Nexia infraestructuras s.l.u. Importe adjudicación: 43.907,68€

2ª.- ACTUACIONES VARIAS EN VIALES PÚBLICOS DE GARGALLÓNS 1, GARGALLÓNS 2, GARGALLÓNS 3, PUNTO LIMPIO Y PARQUE CASTRIÑO. Empresa adjudicataria: Zona de Obra o Rosal s.l.u. Importe adjudicación: 57.761,35€

3ª.- ADECUACIÓN CAMINOS CONGOSTRA A LAGOA, CALLEJÓN CARBALLEIRA A FAROLA, CAMINO LAXE. Empresa adjudicataria: Nexia Infraestructuras s.l.u. importe adjudicación: 56.925,82€

4ª.- REFUERZO PAVIMENTOS, CIERRES Y MUROS. Empresa adjudicataria: COVSA S.A. IMPORTE ADXUDICACIÓN: 71.094,00€

5ª.- REFUERZO CAPA RODADURA DEL FIRME EN EL CAMINO REDONDE-MIRÓN. Empresa adjudicataria: Construccions e.c. casas s.l. Importe adjudicación: 36.324,16€

6ª.- CONSTRUCCIONES PARA EL PUNTO LIMPIO. Empresa adjudicataria: Denuovo punto creativo s.l. importe adjudicación: 39.773,72€

7ª.- MEJORA SISTEMA DEPURACIÓN LAXE II. Empresa adjudicataria: Ecomir infraestructuras s.l. importe adjudicación: 18.952,23€.

Queda informado o Pleno do Concello

10.2. VIA MARIANA.

Se informa da celebración dunha reunión de representantes de Concellos para tratar sobre o discurrir dunha vía chamada Mariana que ven dende Portuga – Braga - até Muxía, pasando por Santiago. A entrada en Campo Lameiro é dende Cotobade e continua hacia Moraña.

A ruta vai visitando unha igrexa en cada concello polos que discorre.



Concello de Campo Lameiro

Para Campo Lameiro sería moi interesante, aínda que se faría preciso reparar o río Calvos, o paso dos Cabalos, debendo facerse estudo e presuposto das actuacións que se deberían facer.

Queda informado o Pleno do Concello.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por parte do voceiro do Grupo Socialista, Adrián Vidal Fontenla, se formulan as seguintes preguntas:

A) Protección Civil.

Pregúntase polas razóns que motiva a espera na constitución da agrupacións de voluntarios/as de protección civil, conforme o acordado polo Pleno deste Concello.

Responde o Alcalde que se pretende que funcione con persoas de Campo Lameiro.

Manifesta o Sr. Vidal Fontenla que para integrarse é requisito previo ter acreditada a formación específica.

Responde o Alcalde que tense que nomear presidente, secretario e tesoureiro, por período de catro anos, e que as persoas que aprecien interesadas e cumpran os requisitos son de fora deste Concello.

Responde o Sr. Vidal Fontenla que él tamén o ten solicitado e que sí está empadroadado en Campo Lameiro.

Ademais que se fixera designación de cargos da Xunta Rectora e que, él como parte da mesma, non fora notificado. Que non se ten feito nada en relación coa constitución da Agrupación pese ó tempo transcorrido, e que se ten que facer unha Asemblea de unha vez para poñer a andar á Agrupación.

Tamén pregunta si se mirou algo do equipamento, así como de localización da Base da Agrupación. Manifestando o Alcalde que aínda non se ten visto.

Manifesta o Sr. Vidal Fontenla que á Xestora lle deben quedar 15 días, incidindo en dar resposta ás causas de este retraso, mais cando é algo que vai vir gratis para o Concello.

B) Petroglifos.

Preguntase polo mal estado que presentan os petroglifos neste Concello. Seguen a estar inundados de maleza, e sen sinalización. Tamén manifesta que os circundos feitos no seu día polo Concello presentan moi mal estado, cando non están xa caídos.

Pregunta qué se vai facer ante esta situación.



Concello de Campo Lameiro

Responde o Sr. Alcalde que se lle enviara un escrito á Xunta de Galicia e que non obtivemos resposta, e que o Concello por si só non pode actuar sobre este Patrimonio.

Que se vai limpando tal e como se está a facer nestes momentos na zona de Parada e Caneda, coa Brigada de incendios dependente deste Concello.

Intervén o Sr. Vidal Fontenla para expresar a súa queixa polo pouco que se está a facer, poñendo como exemplo a pedra de A Boullosa, que presenta un estado deplorable, e que non permite o acceso á mesma.

Manifesta o Alcalde que a Xunta é quen ten que tomar medidas, que non o Concello.

Reitera o Sr. Vidal Fontenla que o Concello ten que insistir diante a Xunta de Galicia e requirir autorizacións para limpar.

C) Festa Augardente.

Se pregunta razón que xustifican a non celebración da Festa da Augardente en Campo Lameiro, festa que estaba arraigada e con boa aceptación entre os veciños.

Responde o Sr. Alcalde que se deixou de realizar debido ós custos que supuña para o Concello, xa que as gastos ían a algo mais de 20.000 euros, ós que se lle axustaban a Semana Cultural. Que o problema non foi máis que un problema económico. Que como se sabe, houbo que recortar en xeral os gastos debido a menor aportación do Estado ó Presuposto do Concello a través do Tributos do Estado. Ademais por outra cuestión sanitaria, xa que a augardente non se podía comercializar tal e como se estaba facendo.

Manifesta a concelleira M^a Nieves Boullosa Ferrín que xa so nos custos de comidas o Concello aportaba o 50% do seu importe, e que era un dos gastos que mais se disparaban.

Responde o concelleiro Vidal Fontenla que entón habería que recortar nas asignacións consignadas nos presupostos para os/as concelleiros/as, xa que este é o Concello da Provincia con maior importe asignado en gastos para asistencia ós órganos colexiados do Concello.

E non habendo mais **levantase a sesión ás 14:06 horas.**

Campo Lameiro, a 30 de agosto de 2018

A secretaria

Mercedes González Budiño



Vº e praxe/O Alcalde

Julio-G. Sayáns Bugallo

Concello de Campo Lameiro

Praza da Provincia de Pontevedra, 1, Campo Lameiro. 36110 (Pontevedra). Tfno. 986752034. Fax: 986 75 20 84